



ACTA DE CONSTITUCIÓN DO COMITÉ DE DIRECCIÓN CELEBRADA O DÍA 29 DE XANEIRO DE 2018

Sras./Sres. Asistentes:

Presidente: O Alcalde-Presidente do Concello de Vilagarcía de Arousa, don Alberto Varela Paz.

Vicepresidenta: A Concelleira de Goberno da Área de Urbanismo e Infraestructuras e Directora EDUSI, dona Paola María Mochales

Responsable do OIL EDUSI, a Concelleira de Goberno da Área de Economía e Facenda, dona Luz María Abalo Pérez.

Na Sala Branca na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 09:30 horas do día 29 de xaneiro de 2018, reuníronse, os membros do Comité de Dirección que arriba se relacionan e nomeados o día 24 de novembro de 2017 polo Sr. Alcalde-Presidente mediante decreto de delegación especial relativa á Estratexia DUSI "Vilagarcía Avanza" do Programa Operativo de Crecemento Sostible FEDER 2014-2020, co obxecto de celebrar Sesión Constitutiva do Comité de Dirección da Estratexia DUSI "Vilagarcía Avanza" ao efecto.

A continuación procédese a tratar os asuntos que figuran na orde do día:

- 1.- Constitución do Comité de Dirección.
- 2.- Información sobre a Estratexia DUSI "Vilagarcía Avanza".
- 3.- Aprobación se procede das bases a establecer para a convocatoria das Expresión de Interese en base ao borrador aprobado polo Comité de Seguimento de data 23 de xaneiro de 2018.
- 4.- Aprobación, se procede, do calendario de convocatorias de reunións ordinarias a celebrar mensualmente segundo o Manual de Procedemento da EDUSI "Vilagarcía Avanza".
- 5.- Rogos e preguntas.

1.- CONSTITUCIÓN DO COMITÉ DE DIRECCIÓN DA EDUSI "VILAGARCÍA AVANZA"

En virtude do ordenado polo Sr. Alcalde-Presidente, o día 24 de novembro, no que adoptou efectuar as delegacións especiais relativas á Estratexia DUSI "Vilagarcía Avanza" para o Comité de Dirección, segundo o que se transcribe:

"COMITÉ DE DIRECCIÓN:

1. *Presidente: Alcalde-Presidente do Concello de Vilagarcía de Arousa, D. Alberto Varela Paz.*
2. *Vicepresidenta: Concelleira de Goberno da Área de Urbanismo e Infraestructuras Municipais, dona. Paola María Mochales.*
3. *Concelleira de Goberno da Área de Economía e Facenda, dona. Luz María Abalo Pérez."*

Estas delegacións foron notificadas e aceptadas tacitamente por parte de cada unha das persoas mencionadas, ao non facer manifestación expresa renunciando á mesma, polo cal e ante a comparecencia a esta reunión de todas as persoas deste Comité e arriba relacionadas



como asistentes, queda constituído o Comité de Dirección da EDUSI “Vilagarcía Avanza”, tal e como aparece neste decreto de delegación do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vilagarcía de Arousa de data 24 de novembro de 2017.

Ademais, acórdase por unanimidade que a Xestora-Coordinadora EDUSI, como responsable da Unidade de Seguimento, segundo delegación do Sr. Alcalde-Presidente de data 24 de novembro de 2017, realice as funcións como Secretaria deste Comité de Dirección.

2.- INFORMACIÓN SOBRE A EDUSI “VILAGARCÍA AVANZA”

Ao ser a primeira reunión do Comité de Dirección, infórmase, sobre a situación da EDUSI “Vilagarcía Avanza”, dende o inicio da solicitude da subvención ata o momento actual. Entre a información dada, resúmense os puntos máis salientables nos seguintes:

1º) Aprobación da Estratexia DUSI “Vilagarcía Avanza” pola Secretaría de Estado e Presupostos e Gastos do 12 de decembro de 2016 (publicado no BOE o 14 de decembro de 2016).

Así a EDUSI “Vilagarcía Avanza” queda encadrada no marco do Programa Operativo FEDER 2014-2020 tal e como aparece, a modo de resumo, no seguinte cadro:

Programa operativo FEDER	
PO FEDER:	Creceamento Sostible FEDER 2014-2020 PO
CCI:	2014ES16RFOP002
Eixo prioritario:	EP12. Eixo Urbano
Categoría de rexión:	Rexións máis desenvoltas
Zoa:	Galicia
Código solicitude:	GA18
Estratexia DUSI	EDUSI VILAGARCÍA AVANZA
Entidade DUSI:	Concello de Vilagarcía de Arousa
Código Fondos 2020:	DUSI_ESTR_66
Convocatoria axudas FEDER:	Orden HAP/2427/2015 de 13 de novembro (BOE Nº 275 DE 17/11/2015)
AG	Subdirección Xeral de Xestión FEDER da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios
OIG	ES115006 Dirección Xeral de relacións coas Comunidades Autónomas e Entes Locais (da Secretaría Xeral de Coordinación Territorial da Secretaría de Estado para as Administracións Territoriais do Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais)
OIL	Concello de Vilagarcía de Arousa
OSF	ES336007 Concello de Vilagarcía de Arousa
Norma aplicable sobre os gastos subvencionables	Orde HFP/1979/2016, 29 de decembro (BOE nº 315 de 30 de decembro de 2016), pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do FEDER para o período 2014-2020.



2º) Aprobación do Manual de Procedementos da EDUSI “Vilagarcía Avanza” pola Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Autónomas e Entes Locais o 02 de outubro de 2017. Recibida notificación desta avaliación favorable a través do Rexistro Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa o 3/10/2017 co número de rexistro 2017012797.

3º) Debido a que a nosa Estratexia DUSI “Vilagarcía Avanza” tiña moitas máis liñas de actuación que a media das demais estratexias aprobadas, solicitamos o pasado 15 de maio de 2017 un reaxuste de 36 a 20 liñas de actuación. Así, temos confirmación verbal, mediante conversa telefónica en decembro de 2017, do Xestór da Dirección Xeral de relación coas CC.AA. e Entes Locais (OI), D. Antonio Martínez, de que non teñen problema en aprobar o reaxuste a 20 liñas, pero aínda non nos poden remitir a confirmación por escrito debido a que non puideron subir á aplicación de Fondos 2020 os cambios de datos que este reaxuste de liñas precisa.

4º) En decembro de 2017, convocouse á EDUSI “Vilagarcía Avanza” por parte da Xestión FEDER a participar en dúas xornadas, que se desenvolveron no edificio do Ministerio de Economía e Facenda situado no Paseo de la Castellana, nº 162 de Madrid.

1. A xornada “Sistema de Información Fondos 2020” celebrada o día 13 de decembro de 2017 enmarcada dentro do marco do Plan de Formación Anual Permanente 2017 do *Instituto de Estudios Fiscales*, asistiron en representación da EDUSI “Vilagarcía Avanza” a Interventora Xeral, dona Trinidad Gómez Reiriz, a Técnica de Administración Financeira, dona Rosa María Otero Piñeiro e a Xestora-Coordinadora EDUSI “Vilagarcía Avanza”, dona Susana González Torres. O programa do curso foi o seguinte:
 - *“Conceptos de entidades en Fondos 2020: Senda financeira, Organismo con Senda financeira, Actuacións, Criterios e Procedementos de selección de operación..*
 - *Alta en Fondos 2020 de organismos, convocatorias, convenios, contratos.*
 - *Alta en Fondos 2020 de operacións, comprobacións previas á aprobación da súa selección, aprobación da súa selección.*
 - *Alta de transaccións en Fondos 2020 Listas de comprobacións.*
 - *Solicitudes de pago dos beneficiarios: Compilación de transaccións en Solicitudes de reembolso (Fondos 2020).*
 - *Verificacións de xestión en Fondos 2020: administrativas e sobre o terreo.*
 - *Arquitectura de Fondos 2020*
 - *Acceso a Fondos 2020 ao través do portal: Acceso ao Escritorio de aplicacións, Acceso a Formatos de intercambio.*
 - *Interoperabilidade con outros sistemas:*
 - *SGIFE. Repositorio de documentos como arquivo dixital e de documentos de sinatura electrónica.*
 - *DOCELWEB. Portafirmas electrónico.*
 - *GAUDÍ. Xeración automatizada de información.*
 - *Proceso de sinatura en Fondos 2020.*
 - *Envío á sinatura e retirada de sinatura*



- *Visualización de documentos asinados.*
 - *Cargas masivas*
 - *Servizo Web Fondos2020sw.*
 - *Carga masiva ao través da aplicación. Ficheiro XML.*
 - *Intercambio de organismos Fondos 2020 – Coopera 2020.*
 - *Consulta de procesos.*
 - *Descargas de información almacenada en Fondos 2020."*
2. Á xornada organizada pola Rede de Iniciativas Urbanas (RIU), "Estratexias DUSI: Casos de Éxito de cidades españolas no despregamento de actuacións vinculadas ao OT2", do día 19 de decembro de 2017, asistiron en representación da EDUSI "Vilagarcía Avanza" a Directora EDUSI, dona Paola María Mochales e o Responsable do OT2, don Lino Mouríño Santiago. Esta xornada tiña como misión pór en común experiencias de diferentes cidades ou áreas urbanas nas que xa foron despregadas actuacións relacionadas coas TICs, ao obxecto de que serviran como guía orientativa para todas aquelas outras que aínda non comezaron coa definición das súas operacións.

Ademais organizáronse tres mesas de traballo (unha de cidades grandes, outra con cidades medianas e unha terceira de cidades pequenas), co obxectivo de coñecer as dificultades existentes en relación á definición e despregue das operacións enmarcadas no OT2 e as experiencias doutras cidades ou áreas urbanas nesta cuestión.

Así, a xornada estruturouse do seguinte modo:

- Un primeiro bloque no que expertos de RED.es, RECI e SESIAD (Secretaría de Estado Sociedade da Información e Axenda Dixital), expuxeron o seu know-how en TIC's orientado cara as necesidades das Entidades Locais, posibles axudas, etc.
- Un segundo bloque no que as tres tipoloxías de cidades, expuxeron casos de éxito na utilización das TICs na súa cidade e
- Un terceiro bloque coas mesas de traballo, no que se expuxeron, os problemas e as dúbidas por parte de todas as cidades en canto a elixibilidade das operacións a levar a cabo no OT2.

Rematada a xornada, a organización comprometeuse a convocar a todas as Entidades para una próxima xornada e clarificar todas as dúbidas xurdidas nesta, sobre todo en canto a elixibilidade das operacións a desenvolver baixo o OT2.

5º) Estando na xornada do 13 de decembro de 2017 e logo de falar cos representantes doutras EDUSIs que tiñan o mesmo Manual de Procedemento que a EDUSI "Vilagarcía Avanza" pero que teñen como OI a outro Ministerio, xurdiunos unha dúbida sobre a separación de funcións na Unidade de Xestión, xa que ditas entidades tiveron que modificar os seus Manuais de Procedemento. Así, con data 21 de decembro de 2017 enviamos vía e-mail e o día 22, do mesmo mes, a través do Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR), unha consulta á Xestión do FEDER (ANEXO V).

Mediante contestación telefónica de data 22 de xaneiro de 2018 o Xestor D. Antonio Martínez comentou que proximamente recibiremos na Entidade a resposta escrita pero que podía



adiantar verbalmente que, o Manual de Procedemento estaba aprobado pola Autoridade de Xestión e polo tanto, non había ningún problema en que a Interventora Xeral nin a Tesoureira do Concello de Vilagarcía exercesen as súas funcións dentro da Unidade de Xestión e na EDUSI en xeral e as propias como funcionarias da entidade Concello de Vilagarcía de Arousa.

6º) En canto á selección de operacións, as unidades executoras que queiran solicitar financiamento EDUSI para unha determinada operación, terán que cumprimentar, segundo as Bases da Convocatoria das Expresións de Interese aprobadas por este Comité de Dirección da EDUSI “Vilagarcía Avanza”, o modelo “Expresión de Interese de operación no marco da EDUSI cofinanciado polo FEDER” segundo o ANEXO IV do Manual de Procedementos da EDUSI “Vilagarcía Avanza” –e que aparece recollido no ANEXO IV desta acta-.

Para poder proceder a cumprimentar este modelo de “Expresións de Interese” deberase ter en conta e cumprir coa Lexislación Europea, Nacional, Autonómica e Local, así como coa específica para as Estratexias EDUSI dos Fondos FEDER, ademais de cumprir cos compromisos adquiridos na aceptación da subvención e que aparecen recollidos na Estratexia EDUSI “Vilagarcía Avanza”, no Manual de Procedemento cos seus correspondentes anexos, e nos Criterios e Procedementos de Selección de Operacións (CPSO) -ANEXO II-.

Ademais, para solicitar financiamento para unha operación, deberase ter como meta que ao rematar a execución desta operación, tenderase a cumprir cos Indicadores proporcionados pola EDUSI “Vilagarcía Avanza”, tanto cos de Resultado (ligados aos obxectivos específicos formulados no Programa Operativo), coma cos de Produtividade –comúns e específicos- (ligados directamente ás actuacións cofinanciadas en cada Prioridade de Inversión (PI)), e cos Indicadores de realización (ANEXO III: Indicadores EDUSI “Vilagarcía Avanza”).

7º) Con data 23 de xaneiro tivo lugar a sesión constitutiva do Comité de Seguimento da EDUSI “Vilagarcía Avanza” na que se aprobou entre outros o borrador para a Convocatoria de Expresión de Interese, e que se achega como ANEXO I a esta acta.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES A ESTABLECER PARA A CONVOCATORIA DAS EXPRESIÓNS DE INTERESE

Acórdase por unanimidade dos membros do Comité de Dirección, aprobar o borrador das bases a establecer para a convocatoria das Expresións de Interese que aprobou o Comité de Seguimento da EDUSI “Vilagarcía Avanza” na súa sesión constitutiva do pasado 23 de xaneiro de 2018 segundo o ANEXO I e engadindo a data de hoxe como data de aprobación destas BASES DA CONVOCATORIA PARA AS EXPRESIÓNS DE INTERESE, quedando redactada tal e como segue:



BASES DA CONVOCATORIA DE EXPRESIÓNS DE INTERESE

DIRIXIDA AOS DEPARTAMENTOS, ÁREAS E DELEGACIÓNS DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA PARA A EXECUCIÓN DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO E INTEGRADO (EDUSI) “VILAGARCÍA AVANZA”, COFINANCIADA POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO DE CRECIMENTO SOSTIBLE (POCS) 2014-2020.

1.- ANTECEDENTES

A Administración Xeral do Estado a través da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios do Ministerio de Facenda e Función Pública, programou un Eixo 12: Desenvolvemento Urbano Integrado e Sostible dentro do Programa Operativo de Crecemento Sostible (POCS) 2014-2020.

A implementación das Estratexias DUSI obedece á importancia que a Comisión Europea outorga ao desenvolvemento urbano sostible e á contribución das cidades ao cumprimento dos obxectivos da Estratexia Europea 2020 para un crecemento intelixente, sostible e integrador na Unión Europea (UE).

No marco da convocatoria da Orde HAP/2427/2015 de 13 de novembro, resólvese definitivamente con data 12 de decembro de 2016 (BOE 14/12/2016) da Secretaría de Estado de Presuposto e Gastos, a selección e concesión dunha axuda de 5.000.000€ á Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI) presentada polo Concello de Vilagarcía de Arousa denominada EDUSI “Vilagarcía Avanza” para ser cofinanciada a través do POCS do FEDER 2014-2020 e sendo a inversión total para a súa execución de 6.250.000€.

Con data 16 de decembro de 2016, o Concello de Vilagarcía de Arousa, como entidade beneficiaria das operacións a financiar no marco das Estratexias DUSI e como Organismo Intermedio (OI) unicamente aos efectos de selección de operacións, subscribe o acordo de compromiso en materia de asunción de funcións para a Xestión do FEDER.

Así, o Concello de Vilagarcía elabora o Manual de Procedementos, segundo o Regulamento (UE) N° 1301/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, con data 14 de febreiro de 2017 e con data 02 de outubro de 2017, infórmase, por parte da Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Autónomas e Entes Locais como Organismo Intermedio de Xestión, da avaliación favorable da nova versión do Manual de Procedementos da EDUSI “Vilagarcía Avanza”.



Así o Concello de Vilagarcía de Arousa como entidade beneficiaria da EDUSI “Vilagarcía Avanza”, seleccionará as operacións que se integrarán dentro das distintas liñas de actuación da estratexia, actuando como Organismo Intermedio “Lixeiro” (OIL).

2. OBXECTIVO E DOTACIÓN PRESUPUESTARIA DA CONVOCATORIA DE EXPRESIÓNS DE INTERESE.

O obxectivo da convocatoria é a apertura dun prazo para a proposición e selección das operacións propostas que traten os cinco retos urbanos (económicos, ambientais, climáticos, demográficos e sociais) que afectan ás zonas urbanas e promoven vínculos entre o ámbito urbano e o rural, de acordo co artigo 7 do Regulamento (UE) nº 1301/2013, de 17 de decembro de 2013 do FEDER.

A definición das liñas de actuación realizouse a partir dos retos urbanos que o Plan Estratégico de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado de Vilagarcía de Arousa 2020 establece ao través de cada un dos ámbitos estratéxicos que abordan o Eixo Prioritario 12 –Eixo Urbano– ao través de cada un dos obxectivos temáticos (OT). Así, as contías do gasto e a axuda outorgada polo FEDER, son as seguintes para cada un dos obxectivos temáticos:

ÁMBITO ESTRATÉXICO	OBXECTIVO TEMÁTICO (OT)	GASTO TOTAL	AXUDA FEDER
CIDADE INNOVADORA (OT2: TIC)	OT2. Mellorar o uso e calidade das tecnoloxías da información e da comunicación e o acceso ás mesmas	784.000,00	627.200,00
CIDADE SOSTIBLE (OT4: Economía baixa en carbono)	OT4. Favorecer o paso a unha economía baixa en carbono en todos os sectores	1.490.000,00	1.192.000,00
CIDADE ATRACTIVA (OT6: Medio ambiente urbano e patrimonio)	OT6. Conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos	2.005.000,00	1.604.000,00
CIUDADE DE TOD@S (OT9: Inclusión social)	OT9. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera outra forma de discriminación	1.971.000,00	1.576.800,00
TOTAIS		6.250.000 €	5.000.000 €

Ademais, as operacións propostas deberán enmarcarse nalgunha das 20 liñas de actuación establecidas na EDUSI “Vilagarcía Avanza”, asociadas aos catro obxectivos temáticos contemplados no Eixo 12: Desenvolvemento Urbano Integrado e Sostible do POCS 2014-2020.



ÁMBITO ESTRATÉGICO	CÓDIGO	LIÑAS DE ACTUACIÓN	GASTO TOTAL	AXUDA FEDER
CIDADE INNOVADORA (OT2: TIC)	VLG_LA01_TRANSDIG	Transformación dixital do Concello de Vilagarcía de Arousa	704.000,00	563.200,00
	VLG_LA02_SMARTCITY	Vilagarcía de Arousa Smart City	80.000,00	64.000,00
CIDADE SOSTIBLE (OT4: Economía baixa en carbono)	VLG_LA03_MOVSOS	Potenciación e mellora da mobilidade urbana sostible de Vilagarcía.	390.000,00	312.000,00
	VGL_LA04_MOUPECI	Mellora da mobilidade peonil e ciclista mediante a mellora da infraestrutura ciclista, acondicionamento de itinerarios peonís, e recuperación do sistema de préstamo de bicicleta "Valbike"	300.000,00	240.000,00
	VLG_LA05_ENERGPUB	Incremento do emprego de enerxías renovables nos edificios públicos municipais	400.000,00	320.000,00
	VLG_LA06_EFIENERG	Promoción da eficiencia enerxética	400.000,00	320.000,00
CIDADE ATRACTIVA (OT6: Medio ambiente urbano e patrimonio)	VLG_LA08_GENOFER	Xeración da oferta deportiva, turística e cultural	1.135.000,00	908.000,00
	VLG_LA10_PATRIHIS	Recuperación do Patrimonio histórico, cultural e natural	140.000,00	112.000,00
	VLG_LA07_SOSAMB	Impulso e mellora da sostibilidade e as condicións ambientais da área urbana de Vilagarcía	525.000,00	420.000,00
	VGL_LA09_PATRICOS	Recuperación do patrimonio natural costeiro	205.000,00	164.000,00
CIDADE DE TOD@S (OT9: Inclusión social)	VLG_LA11_MARMONTA	Creación dun parque metropolitano de unión mar-monte (urbano-rural)	440.000,00	352.000,00
	VGL_LA12_EQUIOABAN	Recuperación de equipamentos públicos en desuso/abandono	300.000,00	240.000,00
	VLG_LA13_RECESP	Recuperación de espazos públicos impulsando as actividades en común	480.000,00	384.000,00
	VLG_LA14_MERCATRAD	Recuperación dos mercados tradicionais	100.000,00	80.000,00
	VLG_LA15_EMPRESA	Axudas para as novas iniciativas empresariais en zonas deprimidas	120.000,00	96.000,00
	VLG_LA16_ORIENEMPR	Creación de centros de orientación a emprendedores/as	85.000,00	68.000,00
	VLG_LA17_INCL	Desenvolvemento de plans de intervención para a inclusión	247.000,00	197.600,00
	VLG_LA18_FAMILIVUL	Apoio a familias socialmente vulnerables favorecendo as súas posibilidades de incorporación social e ao mercado laboral	150.000,00	120.000,00
	VGL_LA19_DEPENDIENT	Medidas para a poboación dependente: novos centros de día, centros de discapacitados,...	14.000,00	11.200,00
	VLG_LA20_BOLSAVIVI	Creación dunha bolsa de vivendas para a cidadanía en risco de exclusión e proxectos de rehabilitación de vivendas sociais	35.000,00	28.000,00
20 Liñas de actuación			6.250.000,00	5.000.000,00



3. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE SELECCIÓN DE OPERACIÓNS

Os criterios e procedementos de selección de operacións (CPSO) para o Eixo 12 “Urbano” do POCS 2014-2020 (CPSO), foron aprobados na reunión do Comité de Seguimento, con data 07 de xuño de 2017, e se transcriben a continuación:

“Actuacións encadradas no OE 2.3.3 (PI 2c)

Criterios de selección de operacións

As operacións seleccionadas dentro desta actuación deberán satisfacer os seguintes criterios:

1. *Respectar os principios xerais definidos nos artigos 7 e 8 do Regulamento (UE) nº1303/2013 (non discriminación, igualdade de xénero e desenvolvemento sostible) e cumprir a lexislación da Unión e Nacional, así como da norma de subvencionalidade para os PO FEDER 2014-20(HFP/1979/2016)*
2. *En xeral, a selección de operacións deberá estar rexida polos principios de igualdade entre beneficiarios, eficiencia, eficacia e sostibilidade das operacións, capacidade dos beneficiarios para implementar e estratexia por aliñamento con outras operacións e instrumentos.*
3. *Ademais as operacións deberán :*
 - *Contribuír á estratexia de desenvolvemento urbano sostible e integrado.*
 - *Contribuír ao programa operativo vixente*
 - *Abordar os problemas dunha forma integrada e mostrar vínculos claros con outras intervencións ou proxectos coexistentes.*
 - *Os seus xestores deberán demostrar experiencia e capacidade.*
4. *Adecuación aos principios reitores específicos*
 - *A dotación de equipamento das dependencias municipais e plataformas, incluídas as plataformas para a xestión de Smart cities, estarán supeditados á súa necesidade para a posta en marcha de aplicacións municipais e proxectos incluídos nas estratexias de desenvolvemento urbano.*
 - *As plataformas de xestión de Smart cities que estean ligadas á eficiencia enerxética estarán baseadas en estudos enerxéticos.*
 - *As plataformas de xestión de Smart cities que estean ligadas ao ámbito do transporte colectivo estarán baseadas en estudos de mobilidade urbana sostible.*
 - *Os proxectos de dixitalización de patrimonio cultural enfocado ao turismo deberán enmarcarse en actuacións de dinamización turística enmarcadas nas estratexias de desenvolvemento urbano integrado.*

Criterios de priorización de operacións

A selección das operacións englobadas nesta actuación faranse atendendo aos seguintes criterios de priorización:

- Mellor adecuación aos obxectivos perseguidos pola EDUSI e ao plan de implementación integral obxecto de cofinanciación.*



- Solidez técnica da proposta de operación e madurez da mesma para garantir a súa execución na forma e prazo cos mínimos riscos.
- Mellor contribución ao cumprimento de indicadores de produtividade da PI2c
- Grao de integración de principios horizontais de igualdade, sostibilidade, medioambientais e de adaptación ao cambio climático.

Actuacións encadradas no OE 4.5.1 (PI 4e)

Criterios de selección de operacións

As operacións seleccionadas dentro desta actuación deberán satisfacer os seguintes criterios:

1. Respetar os principios xerais definidos nos artigos 7 e 8 do Regulamento (UE) nº1303/2013 (non discriminación, igualdade de xénero e desenvolvemento sostible) e cumprir a lexislación da Unión e Nacional, así como da norma de subvencionalidade para os PO FEDER 2014-20(HFP/1979/2016)
2. En xeral, a selección de operacións deberá estar rexida polos principios de igualdade entre beneficiarios, eficiencia, eficacia e sostibilidade das operacións, capacidade dos beneficiarios para implementar e estratexia por aliñamento con outras operacións e instrumentos.
3. Ademais as operacións deberán :
 - Contribuír á estratexia de desenvolvemento urbano sostible e integrado.
 - Contribuír ao programa operativo vixente
 - Abordar os problemas dunha forma integrada e mostrar vínculos claros con outras intervencións ou proxectos coexistentes.
 - Os seus xestores deberán demostrar experiencia e capacidade.
4. Adecuación aos principios reitores específicos:
 - Os proxectos de mobilidade a cofinanciar non serán actuacións illadas, senón que colgarán dun PMUS ou estudo equivalente de mobilidade. Dito estudo ou plan poderá formar parte da propia Estratexia DUSI, en cuxo caso este requisito darase por cumprido. O Plan de mobilidade terá en conta a proposta da comisión sobre plans de mobilidade urbana sostible aprobada en 2013 e establecerá unha serie de medidas interrelacionadas deseñadas para satisfacer as necesidades de mobilidade presentes e futuras para as persoas e os negocios.

Criterios de priorización de operacións

A selección das operacións englobadas nesta actuación farase atendendo aos seguintes criterios de priorización:

- Mellor adecuación aos obxectivos perseguidos pola EDUSI e ao plan de implementación integral obxecto de cofinanciación.
- As que melloren o acceso aos servizos públicos básicos en toda a área urbana.
- Solidez técnica da proposta de operación e madurez da mesma para garantir a súa execución na forma e prazo cos mínimos riscos.
- Mellor contribución ao cumprimento de indicadores de produtividade da PI4e
- Grao de integración de principios horizontais de igualdade, sostibilidade, medioambientais e de adaptación ao cambio climático.



Actuacións encadradas no OE 4.5.3 (PI 4e)

Cráterios de selección de operacións

As operacións seleccionadas dentro desta actuación deberán satisfacer os seguintes criterios:

1. Respetar os principios xerais definidos nos artigos 7 e 8 do Regulamento (UE) nº1303/2013 (non discriminación, igualdade de xénero e desenvolvemento sostible) e cumprir a lexislación da Unión e Nacional, así como da norma de subvencionalidade para os PO FEDER 2014-20(HFP/1979/2016)
2. En xeral, a selección de operacións deberá estar rexida polos principios de igualdade entre beneficiarios, eficiencia, eficacia e sostibilidade das operacións, capacidade dos beneficiarios para implementar e estratexia por aliñamento con outras operacións e instrumentos.
3. Ademais as operacións deberán :
 - Contribuír á estratexia de desenvolvemento urbano sostible e integrado.
 - Contribuír ao programa operativo vixente
 - Abordar os problemas dunha forma integrada e mostrar vínculos claros con outras intervencións ou proxectos coexistentes.
 - Os seus xestores deberán demostrar experiencia e capacidade.
4. Adecuación aos principios reitores específicos:
 - Nas actuacións en edificios públicos, débese tomar como base a clasificación enerxética inicial e débense buscar melloras significativas (de polo menos unha letra de clasificación enerxética), de acordo co Real Decreto 235/2013, do 5 de abril, polo que se aproba o procedemento básico para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios, mediante a utilización dalgún dos programas informáticos recoñecidos.
 - Deberase analizar, no caso do alumeado público, o consumo enerxético previo e promover aforros significativos.
 - Os proxectos de promoción en eficiencia enerxética deberán facerse sempre a través de proxectos que partan da realización dunha auditoría/estudo/análise enerxético que permita estruturar o proxecto apuntando a solucións integradas en eficiencia enerxética, incluída a utilización e produción de enerxía renovable para o autoconsumo.

Cráterios de priorización de operacións

A selección das operacións englobadas nesta actuación farase atendendo aos seguintes criterios de priorización:

- Mellor adecuación aos obxectivos perseguidos pola EDUSI e ao plan de implementación integral obxecto de cofinanciación.
- Grao de mellora na eficiencia enerxética. Primaranse as que correspondan a renovacións integrais.
- Solidez técnica da proposta de operación e madurez da mesma para garantir a súa execución na forma e prazo cos mínimos riscos.
- Mellor contribución ao cumprimento de indicadores de produtividade da PI4e



- Grao de integración de principios horizontais de igualdade, sostibilidade, medioambientais e de adaptación ao cambio climático.

Actuacións encadradas no OE 6.3.4 (PI 6c)

Criterios de selección de operacións

As operacións seleccionadas dentro desta actuación deberán satisfacer os seguintes criterios:

1. Respetar os principios xerais definidos nos artigos 7 e 8 do Regulamento (UE) nº1303/2013 (non discriminación, igualdade de xénero e desenvolvemento sostible) e cumprir a lexislación da Unión e Nacional, así como da norma de subvencionalidade para os PO FEDER 2014-20(HFP/1979/2016)
2. En xeral, a selección de operacións deberá estar rexida polos principios de igualdade entre beneficiarios, eficiencia, eficacia e sostibilidade das operacións, capacidade dos beneficiarios para implementar e estratexia por aliñamento con outras operacións e instrumentos.
3. Ademais as operacións deberán :
 - Contribuír á estratexia de desenvolvemento urbano sostible e integrado.
 - Contribuír ao programa operativo vixente
 - Abordar os problemas dunha forma integrada e mostrar vínculos claros con outras intervencións ou proxectos coexistentes.
 - Os seus xestores deberán demostrar experiencia e capacidade.
4. Adecuación aos principios reitores específicos:
